

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA


Data: 07/06/2019 13:44:36

**SAIDA 7322/19**




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 065/2019**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 17 de abril de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 17/04/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 10 de abril de 2019, da Secretaría Xeral de Emigración pola que se estima a súa solicitude de obtención de copias de diversos documentos aportados polo Centro Galego de Londres para a súa inscrición no Rexistro da Galeguidade

A reclamante indicaba que a resolución que se lle notificou, aínda que formalmente concede o acceso á información, na práctica o denega ao non incluír toda a información solicitada. En concreto, solicitouse acceso á documentación acreditativa do recoñecemento do centro Galego de Londres no Reino Unido e da súa inscrición no rexistro correspondente e os documentos de inscrición ou de recoñecemento que se lle remiten non pertencen á asociación sen ánimo de lucro "Centro Galego de Londres", senón a unha empresa cun nome similar, "Centro Galego (Social and Cultural Society) de Londres Limited". Esa empresa rexistrouse en xaneiro de 2002, moito despois do recoñecemento da galeguidade do "Centro Galego de Londres" en 1991, e trátase dunha empresa privada ("private company") con responsabilidade limitada ("the company is limited"), é dicir, equivalente á unha "Sociedade Limitada" no noso ordenamento xurídico, polo que o rexistro desa empresa con ánimo de lucro non pode ser o da asociación "Centro Galego de Londres", que non foi proporcionado.

Tampouco se lle proporcionou o número de identificación fiscal ou equivalente solicitado, remitíndose o número no rexistro mercantil da empresa mencionada, que non se solicitou, pero ningún número ou identificación da asociación sen ánimo de lucro "Centro Galego de Londres"

A interesada solicita que inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, se lle dea traslado de todos os documentos incorporados ao expediente de Reclamación, incluíndo as alegacións da Secretaría Xeral da Emigración, e se outorgue trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O escrito viña acompañado de copia da súa reclamación asinada electronicamente.

**Segundo.** Con data 23 de Abril de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Emigración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 26 de abril de 2019.

**Terceiro.** Con data 8 de Maio de 2019 a Secretaría Xeral de Emigración contesta a petición remitindo copia expediente instruído, sen emitir informe sobre a reclamación presentada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A resolución de acceso á información contra a que se recorre notificouse á interesada con data do 10 de abril de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 17 do mesmo mes, polo que debe admitirse a mesma por estar interposta en prazo.

#### **Quinto.-Análise do expediente**

A reclamación presentada XXXXXXXXXX contra a resolución da Secretaría Xeral de Emigración, indica claramente a súa desconformidade coa información que se lle remitiu, ao considerar que se solicitou a documentación acreditativa do recoñecemento do centro Galego de Londres no Reino Unido e da súa inscrición no rexistro correspondente, que de acordo cos seu estatutos é unha entidade sen ánimo de lucro e constituída no ano 1991, e se lle remiten documentos de inscrición ou de recoñecemento e de identificación fiscal correspondentes a unha empresa ou sociedade limitada que se registrou no ano 2002.

A Secretaría Xeral de Emigración non emitiu o informe que sobre a reclamación presentada pola Sra. Pantín lle solicitou a Comisión de Transparencia de Galicia, e limitouse a remitir copia do expediente tramitado.

Cabe a posibilidade que conforme á lexislación do Reino Unido, as entidades sen ánimo de lucro deban inscribirse como sociedades limitadas, e a información remitida pola Secretaría Xeral de Emigración sexa a correcta, en cuxo caso, a referida secretaria debería ter emitido un informe no que xustificase tal extremo. Pola contra, cabe a posibilidade de que a información remitida pola Secretaría Xeral de Emigración corresponda a unha sociedade limitada que nada teña que ver co Centro Galego de Londres que ten recoñecida a súa galegitude por resolución do 28 de decembro de 1990, do Secretaría Xeral para as relacións coas Comunidades Galegas.

De acordo co anterior, a Secretaría Xeral de Emigración debe no primeiro caso, informar á reclamante da normativa que xustifique que o Centro Galego de Londres debe estar inscrito como sociedade limitada e confirme que a documentación remitida corresponde á dito centro, e no segundo, debe remitir a información correspondente á inscrición do Centro Galego de Londres, entidade sen animo de lucro, e o seu número de identificación.

#### **Sexto. Audiencia da interesada.**

A interesada solicita que antes de redactar a proposta de resolución, se lle dea traslado de todos os documentos incorporados ao expediente e se outorgue trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non procede a apertura do trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 39/2015, dado que non se tiveron en conta para a elaboración da proposta de resolución, novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 17 de abril de 2019, contra a resolución do 10 de abril de 2019, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se estima a súa solicitude de obtención de copias de diversos documentos aportados polo Centro Galego de Londres para a súa inscrición no Rexistro da Galegitude, debendo a dita secretaria remitir a información que corresponda de acordo co fundamento xurídico quinto desta resolución.


**Segundo:** Instar a Secretaría Xeral de Emigración a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Secretaría Xeral de Emigración a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019



Milagros Otero Parga

**Presidenta da Comisión da Transparencia**